

Accésit do X Concurso literario Mazarelos (2024)

Noela Rivas Cantelar

A gheada nunca che quedou ben

A gheada nunca che quedou ben

Ha llegado a su destino. Siri sempre tan instalada no trato de “vostede” a pesar de levardes xuntos máis de seis anos, desde que decidiches renderte ante o prestixio que confire levar a silueta dunha pomácea metalizada na parte traseira do teléfono móbil. Aparcas a unha beira do primeiro carreiro que se escinde da estrada xeral, unha das múltiples veas que tecen o sistema sanguíneo da Galiza que non coñece os semáforos nin os pasos peonais nin a fibra óptica. Recíbete a inclemencia dun sol de verán que che recorda que xa é mediodía e que hai algo máis dunha hora que saíches de Vigo ao volante do teu Toyota Hybrid e ao ritmo dos Pet Shop Boys, que te sentías nostálgico, que che deu por rememorar tempos de antes. Ti sempre fuches moi de buscar o futuro no pasado.

A fame aperta a esas horas, foi un fallo de cálculo non parar a comer algo de camiño, que alí non hai nin a quen lle pedir un vaso de auga. Mellor. Iso era o que buscabas desde un principio. Cando a empresa inmobiliaria che presentou un primeiro orzamento de 65 000 euros pareceuche excesivo, pero os teus anos de experiencia no sector e a túa innata capacidade de asumires o liderado nas negociacións permitíronche obter unha rebaixa ata os 49 000. Era un prezo razoable. Baixas do automóbil e pos os pés, pola vez primeira, no terreo que xa podes chamar *teu*. Alí non semella haber vida e, con todo, a terra ferve debaixo das túas Dr. Martens coma se nese preciso momento, nese preciso lugar, o sangue seguise a correr polo interior desa vea que che marca, latexante, o camiño cara ao corazón daquela aldea.

Conjunto rural único en Galicia, con varias casas de piedra, cuadras, hórreo (construcción de almacenaje típica gallega) y situado a 25 km de la capital, Santiago de Compostela. O anuncio chegáache por casualidade ao correo electrónico, despois de que te subscribises a aquel portal de aldeas abandonadas á venda e aceptases recibir informacións e ofertas. As condenadas das *cookies*, pensas. Nunha das horas mortas do traballo, cando estás practicamente só na oficina, non sendo pola compañía da fricción da mopa coa que Dolores dá conta das manchas de café que deixou Xulio no chan, pomes no enderezo do anuncio e despréganse ante ti varias fotografías dese *conjunto rural único*. É o mesmo de sempre. O do café de Xulio, pensas, que por máis que o advertides de que non lle bote máis de dous sobres de azucre, que sempre desborda o

vaso, el fai caso omiso dos consellos que de boa fe lle ofrecen os que velan pola súa hipertensión. Un día dáche un infarto, Xulio.

No fondo ti sabes que non podes culpalo por querer edulcorar demasiado a realidade. Ata que desborda.

As imaxes do anuncio son semellantes ás que xa viches noutras páxinas, coa diferenza de que este conxunto parece contar cun maior número de casas que aínda están en pé e que te saúdan desde o outro lado da pantalla, sumidas na apatía dos corpos vellos cando son fotografados, que nada poden suxeitar xa, que están abocados a se sumiren na languidez da súa propia masa. Miras á dereita, uns metros máis atrás do carreiro en que estacionaches o vehículo, e aí están as ruínas da taberna, tal e como especificaba a descrición que viña adxunta ás imaxes da web da inmobiliaria. É igual que na fotografía, só que agora podes ler sen dificultade o cartel, que no ordenador se convertía nunha amálgama *pixelada* de tons vermellos cando aumentabas o zoom da pantalla na porta do que debeu de ser un dos núcleos de socialización máis importantes do lugar noutro tempo. Non deixa de te sorprenderte como a paisaxe natural, agora en estado semisalvaxe, pode apreciarse con toda a calidade nas fotos, mais a única físgoa de paisaxe lingüística, coa intrínseca compoñente humana que entraña precisamente iso, a *lingua*, se degrade en canto te achegas demasiado a ela.

Decides avanzar uns metros, pois tes a impresión de que a sola das túas botas se vai derreter como sigas varado nese punto do camiño. Novamente a calor deste chan, é coma se o terríxeno do solo se quentase co alento das voces que alí enmudeceron hai xa moito tempo. Ademais, tes fame e paréceche que quizais haxa algunha árbore froiteira nalgún dos predio. Desbotas as dúas primeiras casas do lugar polo ruinoso das estruturas, despois de todo non fuches ata alí para que che caia unha viga na cabeza. A terceira casa queda á esquerda do camiño, xusto na curva en que cobreguea, coa sutileza e a axilidade dos sendeiros que foron trazados ás alancadas pola forza do costume, cara ao que debeu ser unha sorte de lavadoiro. Achégaste por curiosidade, non vaia ser que haxa un picho que aínda verta algo de auga, que, ademais de fame, tamén tes sede. Despois de abrires o paso a través dunha matogueira descubres que non, pero que desde o propio lavadoiro nace outro camiño moito máis limpo cara á casa.

A corte preside o conxunto do que debeu de ser unha casa labrega forte; quizais este sexa o lugar ideal para o edificio principal do complexo turístico *wellness&villas* que queres implantar alí, no corazón da parroquia máis occidental de Brión, case no linde

con Negreira. Unha localización idónea para atraer o turismo vencellado ao Camiño. Aproveitando a estrutura da corte poderíase deseñar unha zona de *chill out* e no pallal... Deteste. Pareceuche escoitar algo do outro lado da eira, no souto. Quizais algún animal. Por onde ías? Ah, si, polo pallal, alí quedaría ben unha piscina climatizada, cunha zona para refrixerios, e o pombal que está a escasos metros pódese empregar como ducha. Habería que ver como operar para lograr desviar a traída da auga... Deteste de novo. Outra vez o ruído. Definitivamente vén do souto.

Ao principio non a ves ben, mesmo a confundes cos restos dun espantallo, pero segundo te achegas caes na conta de que ese corpo desprende calor. A mesma calor que che acariñou, case che apreixou os pés ao baixar do coche. Achégaste devagar, alertado pola falta de recursos de auxilio en varios quilómetros ao redor, e decátaste con estupor de que, lonxe de se tratar dun espantallo, o que alí descansa é unha velliña encrequenada en posición case fetal, perfectamente ataviada cun pano negro á cabeza e unha saia por debaixo dos xeonllos que remata nunha blusa da mesma cor ennegrecida, sen ningunha gaduñada nin sinal de estar ferida.

—Vinche traer as *dose*! —é o primeiro que che espeta cando acorda.

Non sabes como reaccionar, nin sequera estás moi seguro de que o que estás a ver sexa real ou froito dun delirio inducido por un golpe de calor, mais a calor mudou a súa ruta e, logo de atravesar a fronteira dos teus nocellos, transitou desde os teus pés cara ao resto do corpo para instalarse dentro como unha presenza estraña, intensa, pero reconfortante.

—Non cha *troughen* antes porque non me daban *cosido* as balocas. Aí a tes. Eu marchó.

A anciá pega un chimpo cunha axilidade que non lle supuñas ata o momento e só entón te mira de fronte e descubres que non é tan anciá. Deuche esa sensación ao vela alí deitada, con ese pano cubríndolle as tempas e a vestimenta de rigoroso loito que lle bota uns cantos anos enriba. De feito, mirándoa fixamente a ese iris celeste que te esculca desde detrás dun nariz protuberante, que faría o agosto de calquera cirurxián estético, atópaste perante unha muller de mediana idade, calculas que non moito maior ca ti. Nestas estás, calculando, cando a muller bota a andar souto abaixo sen reparar máis na túa presenza e a piques estás de perdela de vista entre os castiñeiros. Unha vez máis, escápache a instantaneidade do cotián por andares a calcular. Ti sempre botando contas.

Alcanzas a lle berrar un tímido «espere!» antes de que esa ollada cerúlea se volva de novo cara a ti.

—Que *qués*, *Indalesio*? Broa non hai, que lla dei toda ao neno.

Pensas que esta muller está completamente demente. Probablemente sexa veciña dunha das aldeas que deixaches atrás ao vires e está algo desorientada.

—Precisa axuda, señora? Quere que a achegue a algures? Teño o coche alí mesmo, na entrada —ofréceste cun aquel de tenrura e compaixón no timbre de voz. A muller parece ter xenio, pero non a cres violenta. No peor dos casos, gañarías perfectamente unha contenda corpo a corpo contra ela.

—*Virghensita de los sielos!* Como estamos, *Indalesio*! Vinte e *sinco* anos casada *contigho* vai *faser* polo San Ramón e aínda non che encontro o humor, fillo. Quen nos dese a nós ter coche, había *cheghar* a *Neghreira* nun *avemaría*... deixa de *desir* baboucadas ou *estrónsote*, como Adosinda *Barbasán* me *bautisaron*!

Segue sen che parecer agresiva, pero hai algo na retranca aceda do seu ton que che anticipa unha ameaza se non lle segues o xogo. Ante o desértico da paraxe onde vos atopades, que aventuras moito mellor coñecido para ela, como anticipas polas pegadas das silveiras nos xemelgos da túa interlocutora, ca para ti mesmo, a pesar de que levas meses estudando o mapa, optas por te metamorfoseares no tal Indalecio.

—Perdón, perdón, muller... onde... onde vas *aghora*? —a gheada nunca che quedou ben, nin sequera cando tentabas forzala con aquela compañeira de Muros, a da facultade, que tanto che gustaba nos teus anos universitarios. A ela, pola contra, non lle tremera o fonema para despacharte, cando te lle declararas, cun sórdido «*ghilipollas*».

—Vou polas vacas ao prado do Courelo, que hai queilas traendo antes de que se poña o sol. Ben podías vir *comigho* cando acabes aí, que a *Ghoaquina* anda medio brava desde que lle morreu o *beserriño* e ás *veses* véxome ben apurada para traela polo *regho*. Non me responde nin á vara.

Non sabes se é por dó da pobre Joaquina ou pola impresión que che produce a forza desproporcionada que Adosinda pon na pronuncia glotal do seu nome, como ruxindo cada letra, *gh-o-a-qu-i-n-a*, que decides acompañala. Recolles o paquete de comida, *as dose*, que ela che tirou de mala gana ao pé do castiñeiro en que hai uns minutos parecía botar unha soneca certamente pracenteira e comezas a andar a unha distancia prudencial

detrás dela. Sen acurtar o espazo que vos separa, atravesades o souto, a calor segue a te acompañar e non desaparece nin coa sorpresa que levas ao veres de novo a corte, pero desta volta perfectamente edificada e en funcionamento.

—*Indalesio!* E *lo* viches un anxo? Fai o favor de bulires!

Respondes inmediatamente as túas obrigas maritais. Do contrario, pode que a vareada a leves ti, no canto da *Ghoaquina*.

—Xa mandei miña nai ao lavadoiro de Vites, que a min hoxe non me daba tempo, e quero que seque ben a roupa con este sol —explicache en pasando polo lavadoiro antes comesto polo mato, agora relucinte baixo un teito de tella da cor do paporrubio—. E de paso que imos ao Courelo, hasme de pasar por *Traslaghares*, pola casa do carteiro, e *preguntar* se hai carta de Cuba, que meu irmán hai moito que non escribe —solicítache sinalando cara a unha das casas do centro da aldea, que zumega actividade nun serán de estío en que todos semellan atafegados facendo a eira para a malla, preparando o paparruallo.

—Si, si —acertas a asentir timidamente coa testa antes de que ela prosiga coa lista de ordes.

—E á volta, ao pasarmos As Laxas, a ver se lle levas recado a Severino, o da taberna do “*cruse*”, de que me *gharde* dúas botellas de Sansón para a festa, que despois mas colle todas a lerchana da Manoela, que co conto de que lle veñen os parentes de *Suísa* arrampla con canto hai.

Identificas a taberna do “*cruse*” coas catro paredes derruídas ao lado das cales aparcaches o teu Toyota, case podes vela desde alí. Botas unha ollada rápida, sen baixarlles o ritmo ás pernas rabuñadas de Adosinda, que parecen talladas pola propia natureza do lugar, e o que che devolve a realidade déixate mudo. Non hai rastro do Toyota, obviamente, e Severino Esparís Ultramarinos eríxese no espazo que antes ocupaban unhas pedras cubertas polas hedras que medraban arredor delas coma varices. O rebumbio do seu interior resoa contra as paredes da corte que tes en fronte, moito máis pequena ca a anterior, probablemente imperceptible para ti no mare mágnico de silveiras en que aquilo se constituía só uns minutos antes.

Proseguides o percorrido pola aldea a través do que Adosinda describe como o «camiño da fonte» e onde profire uns cantos improprios contra unha tal Ermitas, «que así

apodresa no inferno, por andar a moverme os marcos do *Aghro* de Suso e mais do Rial». Onde a fonte, saúdanvos unhas mociñas novas que están a dar conta con dedos enérxicos das manchas das vestimentas que refregan con ansia contra o interior das paredes da estrutura granítica. Chámache a atención a camisa branca que está a fretar unha delas e pregúntaslle polo motivo das manchas, ao cal che responde cun lacónico «café» e, cando inquires o nome do seu marido, que acusa de «caso perdido» no coidado da camisa dos paseos dominicais á misa, sorpréndechesaber que se chama «Xulio». Dende logo, a antroponimia algo debe de ter que ver coa torpeza no manexo do vaso.

No centro da aldea, Adosinda detense ante a pequena capela que fai as veces de igrexa parroquial e persígnase.

—*Parsínate, Indalesio*, fai o favor, non vaia ser que por culpa da túa falta de fe o Señor non nos dea boa malla este ano. Xa sabes que *nesesitamos* contar coa axuda dos do Relo e dos Casa do Ruso, que xa me dixeron que viñan e mira que teñen a *soghra* encamada.

A piques estás de escachar a rir co de *parsinarse*, pero resolves calar porque ti saberás máis de corrección ortográfica ca Adosinda, pero ela sabe moito máis de fe. Fe, quizais non en Deus. Fe, certamente, na solidariedade dunha veciñanza que non dubida en botar unha man, aínda que teña o brazo roto.

—Canto falta para chegarmos ao Courelo? —atrévete a preguntar.

—Que che pasa hoxe, home? *Parese* que vés aquelado! Falta pouco, non ves que nada máis hai que pasar o Coto do Castro? —Adosinda semella verdadeiramente contrariada, pero impídeche deixar de escoitala algo na súa forma de retratarche a aldea; no xeito en que mastiga cada nome, centos de veces emitido por ese beizos tersos só engurrados no sutil aceno que lles impón a altiveza de quen se sabe na casa; nos andares lixeiros pero firmes cos que percorre cada esquina dun lugar, probablemente o único que coñece, que podería evocar ao detalle cos ollos pechados.

Avanzades un pouco máis, deixando atrás o núcleo principal de vivendas, e desembocades nun prado extenso tinguído dun verdor amarelento que reflicte as últimas raiolas de sol da tardiña. A *golden hour*, dirías ti. Un bo espazo para que os turistas tomen fotos e difundan o lugar nas redes sociais. Pero alí non hai turistas. Só vacas. Vacas e unha Adosinda atarefada en saltar o valado que a conduce ata elas para ilas

levando para a casa. Que xa anoitece. Que xa logo vén a lúa. Que aínda van dicir os veciños que as vacas do Indalecio pacen ás escuras. Cantas horas pasaron xa? Non saberías precisalo con certeza, pero sentes que a calor que invadira o teu corpo comeza a desaparecer. Ves aquela muller ao lonxe, dándoches indicacións e intentando con escaso éxito que unha das vacúas, especialmente farruca, non se lle arrepoña, pero váiseche esvaecendo a súa figura no horizonte. E decátaste de que deixaches de calcular por un momento.

Acordas coas Dr. Martens no mesmo sitio en que as pousaches nada máis baixar do coche. Non é de noite, ao contrario, segue a ser mediodía, e o bochorno que te abrasa, que xa non é calor, faiche corroboralo. Non hai rastro de Adosinda, nin do ultramarinos, nin das cortes, nin das mociñas lavandeiras. O teu automóbil fica alí mesmo, onde un pouco antes albiscaras un carro, e respiras con alivio. Sobes ao Toyota e pos rumbo a Vigo de novo, pretendendo esquecer a sorte de alucinación onírica que acabas de vivir. En chegando á ponte de Rande, sintonizas a cadea de noticias que adoitas escoitar, como para asegurar que volviches á dimensión sincrónica do século en que habitas.

Radionoticias informa: declarado un incendio na coruñesa comarca do Val do Barcala, que afecta xa a zonas limítrofes do concello de Brión, deixa completamente calcinada a aldea abandonada que acababa de ser vendida a un particular para a construción dun complexo turístico-vacacional rural. Polo momento descoñécense as causas que puideron motivar o foco do lume, mais os bombeiros de Santiago, que xa se desprazaron ata o lugar, referiron atopar varias pezas de tea sorprendentemente intactas onde arde con maior intensidade. Ao parecer, trátase de panos de cubrir a cabeza, de cor negra e nos cales repite un mesmo patrón de bordado: unha inicial cosida en vermello, «A».